



INTERVENCIÓN COMISIÓN DE ECONOMÍA - PARLAMENTO DE GALICIA - NOVIEMBRE 2015

Moitas grazas Presidenta, deputadas e deputados. É unha honra de novo aceptar a invitación desta Cámara, onde estiven dez anos-tres lexislaturas-representando a Ourense, para, como di a convocatoria “explicar as liñas xerais do orzamento da Deputación de Ourense que presido para o exercicio de 2016”.

Convocatoria para esta sesión informativa con rexistro de saída deste Parlamento con data 21 de outubro de 2015.

Fágoo 113 días despois da miña toma de posesión como presidente do goberno provincial. Pero non para falar “das liñas xerais”. Fágoo para falar dos orzamentos da Deputación de Ourense para o ano 2016, XA APROBADOS polo Pleno da Corporación. Hai 41 días que se aprobaron. A primeira administración pública do Estado en aprobalos. Estamos a falar de planificación, de previsión, de traballo áxil.

Tal foi o meu compromiso anunciado no Debate sobre o Estado da Provincia, por certo o primeiro celebrado en Galicia, que celebramos en novembro de 2014. Daquela dixen que aprobaríamos os orzamentos de 2016 en setembro. O ano pasado fora no mes de outubro, tamén os primeiros en aprobarse dunha deputación en España.

E, como non pode ser doutro xeito, será no mes de setembro-o venres día 30- de 2016 cando aprobemos os de 2017...o mes de setembro-o venres día 29- de 2017 os de 2018...e no mes de setembro-o venres día 28- de 2018 os do ano 2019, data da celebración das vindeiras eleccións locais, o domingo 26 de maio.

Volvo a agradecer a súa invitación, tratándose ademais do único presidente de goberno provincial que tivo a honra de pertencer a esta Cámara de representación política.

REIVINDICACIÓNS EN SEDE PARLAMENTARIA

E quero aproveitar esta oportunidade para poñerme a disposición do Parlamento Galego na que sexa importante contar coa opinión das deputacións, gobernos provinciais que tamén fan Galicia e que son especialistas na palabra clave en política: a COOPERACIÓN.

Por iso aproveito para lembrarlle ás deputadas e deputados galegos as reivindicacións que puxen sobre a mesa nesta mesma comisión nas miñas anteriores comparecencias

1º) que o Parlamento inste ás Cortes Xerais do Estado para que modifique a Lei electoral para que deputadas e deputados provinciais sexan elixidos directamente polas veciñas e veciños da provincia (tal e como aprobamos unanimemente todas as forzas políticas da Deputación no debate sobre o estado da provincia de novembro de 2014),

2º) que as Deputacións participen nos ingresos dos tributos da Comunidade Autónoma,

3º) que concretemos as competencias asumidas por cada nivel de goberno para evitar duplicidades

e 4º) que sexamos conscientes do novo tempo do municipalismo español no que será obxectivo prioritario a reforma do financiamento local e a presenza do municipalismo no Consello de Política Fiscal e Financeira, retos que forman parte do escenario de futuro que esperamos na Federación Española de Municipios e Provincias, e falo como membro que son da súa Xunta de Goberno, elixida en setembro.

Mais gustaríame engadir dous novas propostas.

Un deles ten que ver coa crise demográfica. Precisamente na Xunta de Goberno da FEMP que celebramos o pasado mércores aprobamos a creación dunha nova comisión coa denominación de “despoboamento”. Proclamo hoxe aquí no Parlamento Galego a NECESIDADE DUN GRAN PACTO DEMOGRÁFICO entre toda as forzas políticas, sociais, económicas e culturais de Galicia. Un pacto que veña definido pola POLÍTICA con maiúsculas, na que creo, alonxado de ideoloxizacións e partidismos barateiros que son simplemente regates curtos e non visión a longo prazo.

E a outra proposta que quixera deixar aquí hoxe, nesta comisión, e que tamén ten que ver coas políticas públicas que teñen no documento orzamentario a súa concreción, é propoñer un incremento da cooperación entre o goberno autonómico e as deputacións galegas. Cooperación. Colaboración. Na liña do iniciado polo presidente Feijóo e que serviu para que, no que respecta a Ourense, poidamos falar, logo destes anos, de cuestións abordadas conxuntamente como o Plan Termal Provincial, os investimentos do Plan de Camiños da Consellería de Medio Rural ou as pequenas obras en colexios da provincia realizadas grazas ao esforzo da Consellería de Educación e a Deputación de Ourense.

ORZAMENTOS 2016

As liñas básicas destes orzamentos están a disposición de toda persoa que as queira ver dende o 14 de setembro de 2015 na páxina web da Deputación.

Os orzamentos da Deputación de Ourense, que ascenden a 77.700.000 euros, para o ano 2016, supoñen un incremento dun 2,63 % con respecto aos de 2015, na liña experimentada polos orzamentos de 2014 con respecto aos de 2013. Falan da recuperación da facenda provincial.

Falan dunha redución da débeda que estaba no 116 % a un 32 % na actualidade e que será CERO en maio de 2019. Falan do remanente de tesourería máis alto da historia da Deputación con eses 25 millóns de euros de 2014. Falan da redución da amortización da débeda nun 19,37 %. Falan da redución dos intereses financeiros orzamentados nun 81,87 %.

Falan de incluír unha filosofía que non é outra que a da planificación. Están feitos para cumprir os obxectivos marcados no plano de estratexia e xestión operativa Ourense 15-19. A nosa folla de ruta.

Unha folla de ruta que era o programa electoral de quen lles fala nas pasadas eleccións de maio. Porque ninguén se equivoca se di que o único presidente-presidenta de deputación galega que quería selo e o dixo antes da campaña electoral foi este que lles fala. Aquí non houbo presidente por accidente nin presidente por conveniencia nin presidente sorpresa. Aquí houbo, e hai, un presidente que quería ser presidente. E díxollelo ás veciñas e veciños. E díxolles o que quería facer nos vindeiros catro anos. En que mes e en que ano cada unha das 77 medidas do Ourense 15-19.

Un candidato que non puido debater con outros candidatos doutras formacións políticas e confrontar visións de provincia. Non puido porque non os houbo: nin candidatos nin visións de provincia. Unha mágoa.

Un presidente que agradece o apoio electoral que fixo de Ourense a única deputación de Galicia cun goberno con maioría absoluta. Cun goberno por certo, proposto antes que ninguén, coa renovación máis alta de calquera deputación, e que empezou a traballar dende as 12.31 minutos do 14 de xullo de 2015, data da toma de posesión. As conversas para conformar o goberno de Ourense duraron exactamente once horas, as que transcorreron dende a apertura ata o peche dos colexios electorais o 24 de maio pasado.

E o 14 de xullo de 2015 volví a dicir que os orzamentos de 2016 se aprobarían o 25 de setembro e animei aos grupos, aos que chamo “da alternativa de goberno”, que non da oposición, a que fixeran chegar as súas propostas.

E estas foron as propostas dos que eu chamo “grupos da alternativa de goberno”: CERO. Pódese dicir que o documento orzamentario de 2016 recolle exactamente todas as achegas da oposición.

Uns orzamentos que presentei despois de convocar a todos os alcaldes e alcaldesas da provincia para expoñerlles o Plan de Goberno Ourense 15-19 e escoitar as súas proposicións supramunicipais.

Uns orzamentos marcados pola APOSTA POLA POLÍTICA. E apostar pola política é apostar polos políticos. Por iso propuxen máis medios materiais, humanos, dedicacións para deputados..para facer un mellor traballo, para facer mellor provincia. Medios e formación, co primeiro manual do deputado provincial de España, con actividades formativas para os cargos públicos electos locais..mañá mesmo a primeira que sobre Liderado Público organiza a Fundación Democracia e Goberno Local, o think tank máis importante do municipalismo español. Será en Ourense. Como o venres próximo a xornada formativa da Asociación de Profesionais da Comunicación Política no Pazo de Vilamarín.

Aposta pola política pero tamén reivindicar a transparencia como a nosa liña estratéxica institucional.

Unha aposta polos catro plans de futuro que esperamos que contén con financiamento comunitaria, como tiveron a oportunidade de reclamar en Bruxelas en decembro pasado na miña intervención no Comité das Rexións. Falo do Plan Termal Provincial, da Axencia Provincial da Enerxía e do Medio Ambiente, do Plan de Competitividade para as nosas pequenas e medianas empresas e a nosa vocación polo emprendemento e do Plan Ourense Provincia Intelixente, absolutamente innovador.

Uns orzamentos que, por áreas, sitúan á de Infraestruturas (con 25.588.773 euros) á cabeza, seguida da de Administración Xeral (17.293.965 euros), a continuación a de Augas e Medio Ambiente (15.163.049 euros), Cultura e Deporte con 8.405.489 euros e Benestar con 7.264.811 euros.

Hai que subliñar que o orzamento do INORDE, o organismo autónomo, aumenta de 1.400.000 euros da anualidade 2015 aos 1.650.000 euros para 2016.

As prioridades do documento orzamentario da Deputación de Ourense en 2016 son: os servizos sociais, o medio ambiente, a cooperación cos concellos e o cumprimento dos compromisos do Plan Ourense 15-19.

Un Plan que é coherente co Plan Ourense 92, do anterior mandato, baseado nas características do goberno provincial: social, con rigor económico, esencialmente cooperador, coa transparencia como liña estratéxica institucional e innovador administrativamente.

Estes orzamentos teñen obxectivos centrais, eixos prioritarios, que son a defensa dunha visión integral de provincia e o desenvolvemento rural sostible. E tamén contan con obxectivos específicos, que son os xa citados Plan Termal, Axencia da Enerxía e do Medio Ambiente, Plan de competitividade empresarial e o Proxecto Provincia Intelixente.

Seguimos a ser a única administración que contempla para todos e cada unha das entidades locais da provincia, e falo tamén do Concello de Ourense e da entidade local menor de Berán, investimentos nos eidos das infraestruturas, do medio ambiente, da cultura e dos servizos sociais.

Con innovacións este ano como un Plan de empregabilidade para os concellos da provincia, coa mesma cantidade para todos eles con independencia da súa poboación. 10000 euros por concello. Velaí o discurso do territorio e do equilibrio.

Innovacións como un Plan de apoio ás actividades da mocidade, coa mesma cantidade para todos os concellos: Seis mil euros a cada entidade local.

Innovacións como o Primeiro Plan de apoio á natalidade, froito da preocupación demográfica existente, na liña do que despois anunciou a Xunta nos orzamentos que se están a debater nesta Cámara, sen esquecer a reivindicación, en congruencia, do PACTO DEMOGRÁFICO solicitado ao inicio da miña intervención.

Seguir apostando pola execución do Plan Termal, coordinadamente co goberno autonómico, na provincia termal de España: Ourense.

Actuar no campo da enerxía, cimentando esa futura Axencia Provincial coa creación, en próximos plenos da Deputación, dun servizo intermunicipal no ámbito da eficiencia enerxética, poñéndonos a disposición dos concellos, previa delegación competencial. Un operativo semellante ao posto en marcha para a execución pola deputación de competencias municipais que os concellos non poden prestar coas debidas garantías de calidade no servizo público...por exemplo: a recollida de lixo, a recadación de tributos locais ou mesmo a rede de centros de acollida de animais abandonados.

Uns orzamentos que inclúen decisións públicas, e plans, froito dos datos que nos proporciona o Observatorio Económico Ourenán, instrumento que a través dos seus informes fai unha foto fixa da evolución socioeconómica, laboral, e mesmo demográfica, a nivel provincial, a nivel comarcal e tamén de todos e cada un dos concellos de Ourense.

Plans e decisións, proxectos públicos, que responden ao Ourense Deporte, Ourense Turismo, Ourense Tecnolóxico, Ourense Intelixente, Ourense Participa, Ourense Verde e Ourense habitable, liñas mestras do Plan Ourense 15-19.

Principios inspiradores que están vinculados a accións como a estratexia conxunta cos catro consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas da provincia, a que máis ten da península. Como o traballo coordinado coa Confederación de Empresarios de Ourense cara ao posicionamento da "Marca Ourense". Apostas como a Ourense ICCWeek que en 2016 consolidará á provincia durante a súa celebración como a capital da vangarda artística e das disciplinas máis innovadoras, na liña da creatividade do noso pobo, eminentemente traballador e emigrante por definición. Mesmo a cooperación e asistencia ás empresas ourensás cuxa internacionalización é unha realidade.

Señoras deputadas e señores Deputados, dixen que neste mandato fixemos realidade unha aposta pola política. Concretada nun millón de euros máis entre axudas aos catro grupos políticos, persoal destes e dedicacións exclusivas ou parciais de deputados. Por primeira vez aparece nos orzamentos unha partida dedicada á formación dos cargos públicos electos locais (30000 euros), indubidable aposta pola formación, en coherencia con iniciativas como a elaboración do primeiro manual en España do deputado ou deputada provincial.

Entendemos que é o tempo da política. Por iso se premiará a mellor boa práctica na xestión municipal, asumindo a deputación o 80 % do custo súa implantación.

Uns orzamentos con 15.673.250 euros en investimentos produtivos. Orzamentos nos que se incrementa o importe do plan provincial chegando en 2016 a 55.500 euros para todos os concellos achegados integramente pola Deputación, partindo en 2013 de 30.975 euros que achegaba a Deputación e onde os concellos tiñan que cofinanciar. Uns orzamentos que manteñen a cantidade máis alta (2 millóns de euros) para o mantemento da rede viaria provincial, que supera os 1840 quilómetros.

Uns orzamentos que preparan a profunda revisión da RPT da institución. Da man da Dirección Xeral de Recursos Humanos e coa creación das direccións de Área de Cultura e Deporte e de Transparencia e Goberno Aberto, única destas características no panorama dos gobernos provinciais do Estado.



En definitiva, máis orzamentos para exercer as competencias propias e aquelas que nos deleguen os concellos. As competencias incluídas na CARTA DE SERVIZOS, auténtico “menú” da administración que presido onde figuran as accións que desenvolvemos, dirixidas a concellos e cidadáns, o responsable da tramitación do procedemento e os estándares de calidade esixidos mesmo o tempo máximo de resolución de cada actuación.

Nunha xestión caracterizada pola planificación e a previsibilidade, polo rigor económico e a transparencia, razóns todas elas que permiten que hoxe estea aquí para falar duns orzamentos para 2016 aprobados hai case mes e medio. Para dicir que estamos a preparar xa o documento orzamentario de 2017.

Moitas grazas.